

## MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

2022

En 2022 aprobouse a incorporación dun segundo posto técnico dentro do proceso de diminución da temporalidade que se puxo en marcha en todas as administracións. Neste caso, foi a consecuencia da estabilización de varios contratos temporais anteriores, o último dos cales rematou ao principio do mes de abril. É dicir, durante este ano o departamento contou con dúas técnicas de normalización lingüística durante o primeiro trimestre e cunha única o resto do ano, entre tanto non se dota definitivamente o novo posto creado.

Asemade, foi o primeiro ano en que xa de maneira estable as dependencias dos DLG se situaron na nova localización, no xa coñecido como Espazo Apego, onde se realizan tamén as actividades públicas.

As liñas de traballo do departamento foron no fundamental continuación das do ano anterior en tanto as súas bases continúan sendo as mesmas e a dotación orzamentaria tamén foi similar. Neste sentido, cómpre anotar que a función principal do departamento está sinalada no Regulamento de uso do galego na Administración Municipal de Santiago de Compostela:

*Art. 16. O servizo municipal de normalización lingüística programará e coordinará as accións necesarias para dar cumprimento ao espírito que aniña neste regulamento.*

E que as directrices de traballo se derivan tanto do Plan de normalización lingüística municipal (2002) como do Plan xeral de normalización da lingua galega (2004), ao abeiro da Lei de normalización lingüística e da demais normativa ao respecto.

A principal canle para dar a coñecer a actividade do departamento é a web <http://delingua.santiagodecompostela.gal>, que se completa con perfís nas redes sociais Facebook e Instagram e coas páxinas específicas dalgúns programas, que contan con accesos desde a páxina xeral.

A seguir dáse conta de cadanseu programa en fichas resumo dos datos principais. Inclúese tamén un cadro xeral que recolle a actividade como centro xestor e reflicte, polo tanto, a actividade administrativa que se realiza e que dá soporte aos programas de normalización da lingua.

Programa	Expediente	Contido	Cantidades executadas en €	Total executado por programa en €
Acollemento lingüístico	Contrato menor 2021/00059326K	Servizo de formación para o acollemento lingüístico (tres obradoiros)	7.770	13.372,3
Elos	Contrato menor 2021/00059356M	Servizo de coordinación do programa Elos de intercambio lingüístico	5.602,3	
Apego	Contrato menor 2021/00059184V	Servizo coordinación, monitoraxe e atención ao público en actividades infantís do Espazo Apego	16.368	80.536,99
	Contrato menor 2021/00059206Q	Servizo de deseño de contidos e dinamización da actividade Tardes xogantinas no Espazo Apego	10.890	
	Contratos menores (14) 2022/00003190A 2022/00003110S 2022/00004372N 2022/00013897J 2022/00013578W 2022/00018831W 2022/00018834M 2022/00022704B 2022/00022444G 2022/00023070D 2022/00024236Y 2022/00047763T 2022/00047673W 2022/00049841P	Servizos artísticos para a programación infantil do Espazo Apego	12.170	
	Contrato menor 2022/00034975T	Servizo artístico e produción de "Contos no parque"	9.788,9	
	Contrato menor 2022/00050962W	Servizo de produción e montaxe de todo o equipamento para a Festa do Apego 2022	17.508,7	
	Contrato menor 2022/00050673N	Dotación de contido artístico e cultural para a Festa do Apego 2022	15.719,99	

Territorio xogantín	Contrato menor 2022/00027009S	Servizo de xestión e monitoriaxe do programa Territorio Xogantín 2022	3.552,56	3.552,56
Youtubeiras	Contrato menor 2022/00018565N	Servizo de produción e publicación de contidos para as redes sociais, creación dun repositorio e formación do programa Youtubeiras 2022	9.498,5	9.498,5
Enreguéifate	Contrato menor 2022/00043171P	Servizo de organización do certame Enreguéifate 2022	10.224,50	15.024,5
	Contrato menor 2022/00044731G	Servizo de impartición de vinte obradoiros de regueifa	4.800	
Club de Debate	Contrato menor 2022/00018565N	Servizo de apoio á actividade Club de Debate	4.207,5	4.207,5
Correlingua	Subvención nominativa 2022/00042605V 2022/00017511Q	Correlingua en Compostela	2.500	2.500
Galegoempresas	Contrato menor 2022/00040055C	Servizo de produción e difusión de vídeos	16.940	17.869,28
	Contrato menor 2022/00024076A	Servizo de modificación da web	929,28	
Premios Manuel Beiras	Contrato menor 2022/00048362R	Servizo de deseño e implementación dunha campaña de promoción da lingua no sector socioeconómico	9204,47	19.080,08
	Contrato menor 2022/00051012Y	Servizo de coordinación, produción técnica e artística e emisión do evento de entrega dos Premios Manuel Beiras 2022	9875,61	
Equipamento para o Espazo Apego	Contrato menor 2022/00030833K	Subministración de mesas e andeis para o Espazo Apego	2555,04	8.957,17
	Contrato menor 2022/0003724Q	Subministración dunha escada pregable para o Espazo Apego	221,45	
	Contrato menor 2022/00037326M	Subministración dun equipo de son para o Espazo Apego	6180,68	
				174.598,88

Programa	<b>Asesoramento lingüístico</b>
Sector	Administración municipal Sociedade
Difusión	Correo electrónico e teléfono
Obxectivos	Ofrecer un servizo de información sobre calquera cuestión relacionada co idioma. Facilitar apoio para a produción en galego. Mellorar a calidade dos textos.
Descrición	Corrección de textos Tradución Resolución de dúbidas Elaboración de modelos de documentos Difusión de recursos e materiais de apoio lingüístico
Actividade 2021	Tratáronse un total de 376.320 palabras que, a razón de 300 palabras por páxina, supoñen unhas 1.250 páxinas [Podería equipararse a unhas 627 horas de traballo ( <a href="#">600 palabras/hora</a> ) ou 15.000 € ( <a href="#">0.04 €/palabra</a> )] Non temos contabilizadas as consultas resoltas por teléfono ou correo electrónico.  Os textos revisados acompañanse con notas complementarias para que as persoas usuarias deste servizo vaian mellorando as súas competencias e coñecendo recursos.

Programa	<b>Administración</b>
Sector	Administración municipal
Difusión	Correo electrónico
Obxectivos	Lograr a plena normalización do uso do galego na Administración municipal
Descrición	Asesoramento, organización ou xestión de propostas relacionadas coa competencia lingüística do persoal municipal (perfís lingüísticos, avaliación de competencias, formación), a inclusión do galego nas normas de comunicación ou en calquera procedemento que implique as garantías lingüísticas das persoas usuarias e os obxectivos de normalización no funcionamento das entidades públicas galegas.
Actividade 2022	<p>Proposta de avaliación das competencias lingüísticas nas bases de convocatoria de varias prazas da oferta pública de emprego.</p> <p>Propostas de cursos para o plan de formación do persoal municipal:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Reciclaxe e actualización lingüística xeral</li> <li>2. Linguaxe administrativa. Corrección, estilo e claves para a redacción (foi convocado)</li> <li>3. Lingua e comunicación oral no servizo á cidadanía (foi convocado)</li> </ol> <p>Elaboramos as liñas básicas dunha ferramenta de avaliación do uso da lingua nas administracións municipais coa que se pretende dar cumprimento ao acordo plenario de realizar unha auditoría lingüística. Tendo en conta que se trataría dunha ferramenta útil en calquera concello, formulóuselle a proposta á Secretaría Xeral de Política Lingüística.</p>

Programa	<b>Acollemento lingüístico</b>
Sector	Poboación xeral / persoas inmigrantes
Difusión	Web do departamento. Correos electrónicos a persoas que manifestaron interese. Información a través da UAMI, doutros departamentos municipais e de organizacións sociais <a href="#">Primavera 2022</a> <a href="#">Outono 2022</a>
Obxectivos	Facilitar destrezas básicas para a comprensión oral e escrita do galego e achegar información sobre o contexto cultural e social a persoas que veñen vivir á nosa comunidade e a quen precise un achegamento inicial á lingua
Descrición	Obradoiros presenciais para persoas adultas que proceden doutras comunidades para facilitarlles un primeiro achegamento ao galego. Realízanse no Espazo Apego.
Actividade 2022	Primavera (2 obradoiros):  Horario de mañá (luns e mércores de 11 a 12.30 h), entre o 2 de marzo e o 5 de xuño, 24 sesións/36 horas  Horario de tarde (luns e mércores de 19.30 a 21 h) entre o 2 de marzo e o 5 de xuño/ 24 sesións /36 horas  Outono (1 obradoiro)  Horario de tarde (luns e mércores de 20 a 21.30 h) entre o 21 de setembro e o 14 de decembro/ 24 sesións/36 horas  Inscribíronse 89 persoas. Foron admitidas 71. Obtiveron o certificado acreditativo 39

Programa	<b>Elos, voluntariado para o intercambio lingüístico</b>
Sector	Poboación xeral / persoas inmigrantes
Difusión	<p><a href="#">Web do departamento</a></p> <p>Correos electrónicos a persoas que manifestaron interese.</p> <p>Información a participantes nos obradoiros de acollemento lingüístico, a outros departamentos municipais ao Servizo de Normalización Lingüística da USC e a organizacións sociais</p> <p>Carteis e folletos</p>
Obxectivos	Facilitar a práctica oral da lingua
Descrición	<p>O programa facilita o contacto entre persoas que desexan aprender ou practicar o galego e persoas que voluntarias para transmitirlo. Xestiona as inscricións, propón os emparellamentos e organiza o primeiro encontro, que se realiza con mediación e sen intercambio de datos.</p> <p>As parellas lingüísticas comprométese a manter, cando menos, unha hora semanal de conversa e desde o programa ofréceselles apoio, información sobre recursos e actividades grupais e de contido cultural para ampliar o contacto coa lingua.</p>
Actividade 2022	<p>Datos das inscricións ao remate de 2022:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 106 persoas inscritas para aprender</li> <li>• 105 persoas voluntarias para ensinar</li> <li>• 78 parellas activas (das cales seis son en liña por residir algún dos membros fóra de Galicia: Chile, Estados Unidos, Andalucía, Valencia, Madrid e Alemaña)</li> <li>• 7 persoas abandonaron o programa.</li> <li>• 2 foron rexeitadas por non seren maiores de idade</li> <li>• 1 non foi posible contactar</li> <li>• 45 pendentes de emparellamento</li> </ul> <p>Organizáronse as seguintes actividades complementarias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Xogo de pistas no Museo do Pobo Galego (19/03/2022)</li> <li>• Ruta pola Compostela relacionada co exilio (27/05/2022)</li> <li>• Visita guiada ao Museo da Catedral 5/11/2022)</li> <li>• Visita á Colexiata de Sar (19/11/2022)</li> </ul> <p>Grazas á colaboración da Concellaría de Acción Cultural ofrecéronse entradas para nove eventos do programa de abono da Real Filharmonía de Galicia.</p>

Programa	<b>Apego</b>
Sector	Primeira infancia (0-6 anos) (familias)
Difusión	<p>Presencial (entrevistas ás familias que desexan adherirse ao programa)</p> <p>Correo electrónico (información ás familias adheridas)</p> <p>Web propia: <a href="http://www.apego.gal">www.apego.gal</a></p> <p>Web xeral do departamento: <a href="http://delingua.santiagodecompostela.gal">http://delingua.santiagodecompostela.gal</a></p> <p>Páxina de Facebook: <a href="http://www.facebook.com/apego.gal">www.facebook.com/apego.gal</a></p> <p>Material impreso (folleto informativo)</p>
Obxectivos	Incrementar a porcentaxe de nenos e nenas que adquiren o galego como lingua inicial e promover que o usen de maneira habitual
Descrición	<p>Programa organizado en colaboración con outros concellos que inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Acollemento ás familias nunha entrevista inicial para facilitarlles argumentos, recursos e canles de información.</li> <li>○ Mantemento de espazos de información e divulgación de argumentos, recursos e actividades e envíos periódicos ás familias</li> <li>○ Creación e localización de recursos para a crianza e a socialización en galego.</li> <li>○ Programación de actividades lúdicas, educativas e culturais para facilitar a socialización en galego dos nenos e nenas</li> <li>○ Formación sobre recursos para persoas educadoras.</li> </ul>
Actividade 2022	<p>Durante o ano 2022 completaron o proceso de inscrición, coa entrevista presencial, 41 novas familias.</p> <p>Continuouse coa divulgación dos recursos producidos polo programa e doutras iniciativas a través das entrevistas, das publicacións na rede e dos envíos periódicos ás familias. Mantívose actualizada a información sobre todas as actividades na web do Apego e na do Departamento de Lingua (seccións de novas e fichas por actividade). Tamén se achegou contido á páxina de Facebook do Apego (40 das 190 publicacións realizadas no ano).</p> <p><b>A programación de actividades infantís incluíu 155 sesións no Espazo Apego:</b></p> <p><b>Tarde de contos</b> Espazo para ler, contar, inventar, escoitar e traballar coa literatura oral e escrita. Deseño e monitoraxe de Atlantic Ponte 72 sesións/martes/17 h (0-3 anos) e 17.15 h (3-6 anos) 404 inscricións</p>



**Tardes xogantinas**

Un tempo de xogo colectivo no que aprender e experimentar en grupo e coa lingua como vehículo e como elemento de cohesión e acceso ao patrimonio lúdico tradicional.

Deseño e monitoraxe de Xandobela

39 sesións /mércores / 17.30 a 19 h / 3 a 6 anos

281 inscricións

**Lingoretadas**

Espazo de entretemento activo no que se promove a socialización e a expresión (verbal, xestual, corporal) manexando ditos, cancións, xogos, xoguetes... Deseño e monitoraxe de Atlantic Ponte

17 sesións / xoves / 17.30 h / 2 a 6 anos

68 inscricións

**Son de berce / A Cova das Letras**

Concerto didáctico sensorial para bebés.

10 de febreiro / 18 h / 0 a 3 anos

26 inscricións

**Brincadeiras da lingua / Migallas Teatro**

Xogos verbais de participación, cancións, contos e monicreques para coñecer o patrimonio oral infantil.

24 de febreiro / 18 h / 2 a 6 anos

24 inscricións

**Feira das sementes / Títeres Babaluva**

A feira máis pequena do mundo onde as sementes se trocan por contos, refrán, cancións e adiviñas.

10 de marzo / 18 h / + 3 anos

12 inscricións

**Con papá / Cris de Caldas**

Un bebé pasa o día co seu pai e coñece contos, xogos de mans, cariños, humor e música.

24 de marzo / 18 h / 1 a 4 anos

20 inscricións

**Ramona Órbita, a dona do tempo / Pakolas**

Concerto para coñecer as aventuras de Ramona Órbita e aprender, cantar e gozar a ritmo roqueiro.

7 de abril / 18 h / + 3 anos

40 inscricións

**Na granxa de Perico / Ana Facchini**

Combinación de pequenas historias para as primeiras idades con retrousos, cantigas, xogos de man e de faldra, poemas e obxectos.

21 de abril / 18 h / 0-3 anos

37 inscricións

**Casa, casiña, casona / Marta Ortiz**

Espectáculo baseado no asombro e na transmisión do amor a través da palabra, dos primeiros cantos, xogos, cancións, de dedos, trabalinguas, arrolos, poemas...

5 de maio / 18 h / 0-6 anos

34 inscricións

**Un bico para Alí / Fabaloba e Lydia Botana**

No seu primeiro día de escola, Alí coñece a Antón, un neno cunha diversidade funcional que se manifesta principalmente nas súas dificultades de linguaxe. Conto, cantos e obradoiro para coñecer recursos en galego

19 de maio / 18 h / + 3 anos

12 inscricións

**Patapatún tun tun! / Mago Paco**

Espectáculo de maxia especial para peques

2 de xuño / 18 h / 2 a 4 anos

25 inscricións

**Cantos e trazos de andar / Mirari Urruzola**

Obradoiro para experimentar cos xogos musicais e o movemento e crear un debuxo colectivo.

16 de xuño / 18 h / 2 e 6 anos

15 inscricións

**O pozo do encanto / Fabaloba a Lydia Botana**

Unha fada, unha fonte, Alí... maxia pura para coñecer recursos educativos en galego e experimentar con eles. Conto, cantos e obradoiro de recursos en galego

30 de xuño / 18 h / 3 a 6 anos

13 inscricións

**Palma repalma / Pavís Pavós**

A maxia de escoitar historias, pensar, aprender e, máis que nada, gozar.

14 de xuño / 17 h para 0-3 anos / 18.15 h para 3-6 anos

21 inscricións

**Cancións da casa da miña avoa / Xavi Longueirón**

Na casa da avoa, a onde o protagonista da historia vai vivir por un tempo, descobre a música e a composición.

28 de xuño / 18 h / + 3 anos

13 inscricións

**Armadanzas / Pés de lan**

Obradoiro de baile que actualiza e teatraliza a tradición.

21 de setembro / 18 h / 0-6 e coidadoras

12 inscricións

COLABORACIÓN DO PROGRAMA TECEREDES DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

**Obradoiro de dioramas / Mirari Urruzola de Títeres Babaluva**

Artes visuais, literatura, teatro e música para construír e contar unha historia.

15 de setembro / 18 h / 4 a 6 anos

8 inscricións

**Maxia divertida / Mago Paco**

Fantasía, gargalladas, participación e moita imaxinación

29 de setembro ás 18 h no Espazo Apego

11 inscricións

**Toupiciencia / A Xanela do Maxín**

A Troupiña e o seu axudante Protonio andan a buscar as persoas científicas do futuro.

6 de outubro / 18 h / + 3 anos

21 inscricións

COLABORACIÓN DO PROGRAMA FALAREDES DA XUNTA DE GALICIA

**Zapatos / Caramuxo Teatro**

Que pasa con todos os zapatos que xa ninguén usa? Todos os días chegan ao recuncho dun xardín fantásticas historias, as vivencias que traen unha morea de zapatos de todos os tamaños e cores.

27 de outubro/ ás 17 e ás 18.15 h/ 1 a 4 anos

49 inscricións

COLABORACIÓN DO PROGRAMA FALAREDES DA XUNTA DE GALICIA

**Son San / Raquel Queizás**

A Xan cústalle erguerse e non lle gusta tomar o almorzo san ata que proba unha nutritiva merenda e se sente moito mellor. Conto, monicreques con materiais de refugallo e sinxelas coreografías para bailar.

3 de novembro / ás 17 e ás 18.15 h / 3 a 6 anos

15 inscricións

**De aquí para alá / Lydia Botana, Bolboreta**

Unha bolboreta remata a súa metamorfose co son dos instrumentos musicais e embárcanos nunha viaxe arredor do mundo para descubrir lugares máxicos.

Conto e música.

10 de novembro / 18 h / + 2 anos

30 inscricións

**Toin Toin / Raquel Queizás**

A pequena coella non para de brincar, non quere durmir sen o seu conto. Esta hora sempre se presenta como unha aventura. Espectáculo de contos con monicreques de mesa acompañado de instrumentos musicais sinxelos.

22 de decembro / 17 e 18.15 h / 1 a 4 anos

25 inscricións

**Coas miñas mans / Pablo Díaz**

Coas mans sinalamos, contamos, pintamos, comunicamos. As cancións relacionan as mans con moitas destrezas e coñecementos que adquirimos na infancia.

2 de decembro / 17 e 18.15 h / 3 a 6 anos

20 inscricións

---

**Actividades especiais noutros espazos (22 sesións totais en dúas convocatorias):**

**CONTOS NO PARQUE**

Martes de agosto. 18 h. Parque de Bonaval (plataforma dos arcos)

500 participantes

**A caixa sen Pandora / Teatro Ghazafellos**

Que pasaría se Pandora non abrise a caixa? De aquí parte un repaso divertido de mulleres que decidiron romper ca norma establecida e abrir a súa propia caixa.

2 de agosto / + 4 anos

**Roupa tendida / Xarope Tulú**

Narración oral e manipulación de obxectos para achegar dous mundos: a literatura de tradición oral e a literatura contemporánea.

9 de agosto / + 4 anos

**Coser e cantar / Marta Ortiz**

Unha viaxe desde un taller de costura, un lugar máxico aos ollos da nena protagonista que escoita contos, coplas, cancións en boca da súa avoa, nai e tía mentres traballan.

16 de agosto / + 4 anos

**Lúa quere viaxar...a Marte! / A Xanela do Maxín**

Despois de dar a volta ao mundo, Lúa sorprende a familia e amizades cunha gran nova: Agora quere ir a Marte e non está disposta a renunciar ao seu soño de ser astronauta.

23 de agosto / + 3 anos

**Terra / Xogos Miudiño**

Espazo de xogo con material natural non estruturado.

30 de agosto / + 1 ano

**Orella pendella / Bea Campos**

Obradoiro de contos, ditos e cancións infantís tradicionais con música en directo.

30 de agosto / + 1 ano

---

**FESTA DO APEGO**

30 de decembro de 12 a 14 e de 16 a 20 h no Auditorio de Galicia  
800 participantes

**Recursos educativos Alí. Fabaloba**

Recibidor. De 12 h a 14 h e de 16 a 19 h  
Mostra comentada para toda a familia

**Recursos para a igualdade. Atlantic Ponte**

Recibidor. De 12 h a 14 h e de 16 a 19 h  
Mostra comentada para as persoas adultas

**Xogos de Mesa. Brazolinda**

Recibidor. De 12 h a 14 h e de 16 a 19 h  
Experimentación para toda a familia

**Imprenta tipográfica. Alouette Machine**

Sala de exposicións. De 12 a 14 e de 16 a 19 h  
Obradoiro continuado. Para +3 anos

**Obradoiro de arte. Lúa Gándara**

Sala de exposicións. De 12 h a 14 h  
Artes plásticas para +3 anos.

**Xogos Paporrubio**

Sala de exposicións. De 12 a 14 e de 16 a 19 h  
Xogos tradicionais para toda a familia.

**Son no berce. A Cova das Letras**

Sala Ángel Brage. Dúas sesións: 12 e 12.45 h  
Espectáculo escénico e musical para menores de 3 anos

**Comerá o bebé? Cris de Caldas**

Sala de exposicións. 12.30 h  
Contos. A partir de 6 meses.

**Paxaro amigo (músicas para a paz). Mamá Cabra**

Sala Mozart. 13 h  
Música e teatro (última representación). Familiar

**Armadanzas**

Sala de exposicións. 16.30 e 18 h  
Obradoiro para toda a familia

**Silforiña. Golfiños**

Sala Mozart. 17 h  
Estrea musical. Familiar

**Historias desde o outro lado da raia. Dani Blanco**

Sala de exposicións, 17 h

Contos. Familiar

**A pallasa Pallasini. Olga Abad**

Sala de exposicións, 18 h

Contos. Familiar

**30 anos cantando con Migallas**

Sala Ángel Brage. 19 h

Concerto familiar

**Actividades para nais, pais e persoas cuidadoras (18 sesións):**

**Obradoiros para medrar**

Sesións informativas diferentes aspectos da crianza

50 participantes

Educación con cariño e esixencia / 4 de febreiro

Normas claras. Alternativas ao "non" / 11 de febreiro

As rutinas danme seguridade / 18 de febreiro

Parentalidade positiva / 25 de febreiro

Do abstracto ao figurativo I: Crear unha figura ou animal a partir de anacos de papel de cores / 4 de marzo

Do abstracto ao figurativo II. Debuxo experimental. Debuxar a partir de manchas / 11 de marzo

Construción e manexo de monicreques / 18 de marzo

Escenografías para o xogo / 25 de marzo

Da dependencia á autonomía / 1 de abril

Sacamos o cueiro? / 8 de abril

Educación dos afectos / 22 de abril

Como traballar as emocións en situacións concretas coas crianzas? / 29 de abril

A autonomía e a adquisición de hábitos / 6 de maio

Novos nacementos na familia / 13 de maio

O tratamento da morte / 20 de maio

A transmisión dos prexuízos na crianza / 3 de xuño

Reconducir as condutas non respectuosas / 10 de xuño

Como afrontar coas crianzas a separación ou o divorcio / 17 de xuño

Programa	<b>Territorio xogantín</b>
Sector	Infancia (6 a 10 anos)
Difusión	<a href="#">Web do Departamento de Lingua</a> <a href="#">Web do Concello</a> Carteis
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ofrecer un espazo de socialización en galego a través do xogo.</li> <li>• Contribuír ao coñecemento por parte dos nenos e nenas do patrimonio lingüístico vinculado ao xogo.</li> <li>• Achegar a lingua como complemento de servizos atractivos e útiles para as persoas usuarias.</li> <li>• Promover valores de solidariedade, igualdade e respecto polo medio.</li> <li>• Ampliar o coñecemento e o uso dos espazos públicos por parte dos nenos e nenas.</li> <li>• Fomentar a autonomía persoal dos nenos e nenas no espazo público</li> </ul>
Descrición	<p>A actividade pretende animar os nenos e nenas a utilizar o espazo público para xogar do xeito máis libre posible e sen recursos especiais. Partindo dun punto de encontro fixo, durante dúas horas poñen en práctica as habilidades necesarias para xogar en grupo e ocupar o tempo de lecer de xeito divertido, san, participativo, solidario, respectuoso co medio e en galego, de cara a ser quen de divertirse e interactuar sen máquinas, xoguetes complexos ou grandes recursos.</p> <p>As monitoras actúan de facilitadoras, mais procurando sempre fomentar a iniciativa e a autonomía dos participantes. Ademais do seu papel de referentes do xogo procuran selo do uso da lingua galega, ao empregárense de maneira constante, desprexuízada e coa calidade adecuada co fin de que tenda a converterse na lingua en que funciona o grupo e na que se establecen novas relacións entre os nenos e nenas.</p> <p>Procúrase tamén achegar coñecemento sobre o espazo no que se moven (parques de Belvís e Bonaval e zona histórica) e buscar a interacción coas persoas da contorna para ampliar a rede de socialización e a autonomía e seguridade dos nenos.</p>
Actividade 2022	<p>De luns a venres, desde o 1 de agosto ata o 2 de setembro incluídos ( 23 días) de 11.30 a 13.30 h. Participaron 231 nenos e nenas.</p> <p>O punto de encontro foi a praza do Oito de Marzo e contouse como lugar de apoio para o caso de chuvia o Local Social da Caramoniña. Os parques de Bonaval e Belvís foron os lugares máis frecuentados para escapar das aglomeracións do Ano Santo e das altísimas temperaturas.</p> <p>O repertorio lúdico baseouse nos xogos populares, sinxelos, cooperativos e sen apenas materiais e incorporáronse algúns inventados polo grupo máis asiduo.</p> <p>Organizáronse paseos interpretados con comentarios sobre curiosidades da cidade, retos e pequenas misións lúdicas e xeráronse dinámicas de identificación de espazos da cidade con xogos concretos.</p>

A maioría da rapazada participante era galegofalante e ao comezo de cada sesión dedicouse un tempo a compartir experiencias, vivencias, opinións e tamén retos lingüísticos. Aqueles nenos e nenas castelán-falantes asumiron perfectamente o galego como lingua vehicular á hora de falar ao gran grupo para explicar un xogo ou propoñer algunha adiviña, enigma ou brincadeira. Os nenos e nenas non galegas que participaron (de Sevilla, Madrid, Segovia, Girona, Suíza e Carolina do Sur) integraron léxico e expresións en galego, e, sobre todo, capacidade para comprender mensaxes orais, xogos, cancións, enredos...

---



Programa	<b>Enreguéifate</b>
Sector	Poboación xeral / Centros de ensino
Difusión	<a href="http://www.enregueifate.gal">www.enregueifate.gal</a> <a href="https://www.facebook.com/Enregueifate/">https://www.facebook.com/Enregueifate/</a> <a href="#">Web do Departamento de Lingua</a>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Divulgar o coñecemento da regueifa, especialmente entre a poboación xuvenil.</li> <li>• Achegar recursos e formación para facilitar á mocidade interesada a súa incorporación a esta forma de improvisación oral en verso.</li> <li>• Incentivar a práctica da regueifa.</li> <li>• Colaborar a que existan espazos nos que se practique a regueifa como forma de expresión, comunicación, participación e divertimento.</li> </ul>
Descrición	<p>Organizado colaborativamente polos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo.</p> <p>Procura impulsar a práctica da regueifa como forma de improvisación oral en verso, e a través dela o uso da lingua galega, sumándose á rede de revitalización que desde hai anos se está producindo no ámbito escolar e asociativo, nomeadamente á Regueifesta.</p> <p>Inclúe as seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Obradoiros de regueifa</b> para centros de ensino</li> <li>• <b>Formación para o profesorado e produción de recursos didácticos sobre a regueifa.</b></li> <li>• Certame <b>Enreguéifate</b> para incentivar a práctica desta modalidade de improvisación nos centros de ensino e na poboación en xeral e invitar a compartir vídeos regueifando en galego. Estes vídeos divúlganse a través das redes sociais e poden ser recoñecidos coas valoracións de expertos dentro de varias categorías: regueifa máis brava, máis aguda, diversa, reivindicativa, mellor cantada e mellor falada. As recompensas, de carácter simbólico, consisten en regueifas (roscas doces) que se entregaban no transcurso dun evento de clausura que serve tamén como mostra en directo de diferentes modalidades do repentismo, a gala do Enreguéifate.</li> <li>• Mantemento dunha páxina <b>web</b> con información, acceso aos vídeos, procedementos para a inscrición e recursos didácticos, completada coa divulgación en redes sociais de todas as partes do proxecto.</li> </ul>
Actividade 2022	<p><b>Obradoiros de regueifa para alumnado de centros de ensino</b></p> <p>IES Antonio Fraguas  8/11/2023  2º ESO / 8.45 a 10.25 h / 57 participantes  2º ESO / 10.45 a 12.25 h / 56 participantes  2º ESO / 12.45 a 14.25 / 28 participantes</p>

IES Arcebispo Xelmírez II  
3/11/2023  
2º ESO / 09.20 a 11.20 / 30 participantes  
2º ESO / 12.30 a 14.10 h / 30 participantes

CEIP Lamas de Abade  
2/11/2023 4  
6º EP / 9.30 a 11.30 h / 37 participantes  
6º EP / 12.00 a 14.00 h / 37 participantes  
7/11/2023  
5º EP / 9-30 a 11.30 h / 37 participantes  
5º EP / 12 a 14 h / 37 participantes

CPR Vilas-Alborada  
11/11/2023  
5º EP 10 a 11:30 h / 25 participantes  
30/11/2023  
6º EP/ 10 a 11:30 h / 15 participantes

CEIP Apóstolo Santiago  
3/11/2023  
5º EP / 9.30 a 11.30 h / 25 participantes  
4º EP / 12.20 a 14.00 h / 25 participantes

CEIP Mestre Rodríguez Xixirei  
14/11/2023 2  
5º EP / 9.30 a 11.30 h / 20 participantes  
4º EP / 12.00 a 14.00 h / 25 participantes

IES Eduardo Pondal  
2/11/2023  
3º ESO / 8.45 a 10.25 h / 36 participantes  
3º ESO / 10.45 a 12.25 h / 36 participantes  
3º ESO / 12.45 a 14.25 / 36 participantes

IES A Pontepedriña  
1/11/2023  
1º BAC / 10.45 a 12.25 h / 50 participantes  
1º BAC / 12.45 a 14.25 h / 50 participantes

#### **Convocatoria do certame.**

Convocouse o certame de vídeos con regueifas, nas dúas categorías -xeral e escolar- cun prazo de presentación de traballos desde o 10 de novembro de 2022 ao 10 de marzo de 2023

#### **Obradoiro para profesorado**

O 14 de outubro, antes de iniciar o prazo para presentar vídeos, realizouse un obradoiro sobre regueifa como recurso educativo dirixido a profesorado de calquera nivel educativo.

Inscribíronse 31 persoas e asistiron 23. Foi impartido por Lupe Blanco, O Rabelo, Manolo Maseda e Sechu Sende

Programa	<b>Youtubeiras</b>
Sector	Poboación xeral
Difusión	<a href="http://www.youtubeiras.gal">www.youtubeiras.gal</a> <a href="http://Web.delingua.santiagodecompostela.gal">Web delingua.santiagodecompostela.gal</a> <a href="#">Prensa</a>
Obxectivos	<p>Incrementar o uso da lingua galega na produción e consumo de audiovisuais de uso cotián a través das plataformas virtuais máis usadas, cos seguintes obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Conseguir aumentar a dispoñibilidade de vídeos en galego, tanto titoriais como de opinión.</li> <li>• Difundir socialmente a oferta de audiovisuais en galego.</li> <li>• Facilitar que as persoas que habitualmente producen audiovisuais o fagan en galego.</li> <li>• Facilitar que persoas con habilidades ou coñecementos que poidan ser de interese para outras poidan compartilos en vídeos titoriais ou de opinión.</li> </ul>
Descrición	<p>Organizado polos servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, Ames, Carballo, Moaña, Negreira, Pontevedra, Rianxo, Ribadeo, Rois, Santiago, Teo e O Grove, as universidades da Coruña, Santiago e Vigo e da Deputación da Coruña.</p> <p>Pretende chegar ás persoas usuarias das redes que consomen e crean audiovisuais non profesionais e tamén ás persoas susceptibles de crearen novos contidos para incentivar o uso do galego nestes espazos, en todas as súas vertentes.</p> <p>As actuacións inclúen un certame de vídeo, a gala de entrega dos premios, accións formativas, xornadas de encontro, presenza en festivais, divulgación en redes sociais e a través da web do programa e produción de recursos.</p>
Actividade 2022	<p><b>Actividades in-formativas</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Formación en liña “Xestións, contas e outros enigmas” (01/12/2022)</b> Impartida por Paloma López Retorta, de Cifras Asesoría co obxectivo de resolver dúbidas no eido fiscal e contable de cara á profesionalización da actividade youtubeira. Non tivo a asistencia agardada e só se apuntaron cinco persoas. Para que o contido desta formación tivese máis aproveitamento subiuse á web en foram de artigo.</li> <li>• <b>Unicornios e linguas non hexemónicas na rede (21/09/2022)</b> Cconversa en liña con Canal Malaia (Catalunya), Play Presta (Asturies), @ARKKUSO (Euskal Herria) e Youtube en Galego. Tivo bastante seguimento e no momento de elaborar esta memoria chegara ás 430 reproducións na canle de Youtube.</li> </ul>

- **A Megacolab (22/10/2022)**  
Encontro creativo dinamizado por Gingko no espazo Apego de Santiago de Compostela co obxectivo de desvirtualizar a comunidade youtubeira a través dunha actividade de creación colectiva de vídeos. Participaron seis persoas cunha moi boa valoración da actividade.
- **Xornadas en centros de ensino**  
Co obxectivo de dar a coñecer os premios, o proxecto Youtubeiras e a creación en galego. En Santiago ofrecéronse cinco sesións, que se cubriron coas solicitudes dos centros seguintes: dúas no IES Xelmírez II (20/10/2022) e cadansúa no Eduardo Pondal (21/10/2022), San Clemente (25/10/2022) e A Pontepredriña (25/10/202289).  
Estiveron dinamizadas por Olaxonmario (Mario Brión Toucedo, premio Vídeo e premio Youtubeiro 2021) e Neeumatiko (Nee Barros Fernández, premio Calidade Lingüística 2021).

#### Producción de recursos:

- **Vídeo de rúa “Que necesitas no Youtube en galego?”**  
Fixéronse gravacións para visibilizar que necesidades ten o público e que ocos quedan por encher no Youtube en galego para promover a creación destas temáticas e formatos.
- **“Procesos creativos con”**  
Catro vídeo titoriais autoproducidos por Cousxs, Cousas RarismASMR, Toxío e Neeumatiko, youtubeiras premiadas no 2021. Neles incidiron, en ton divulgativo, sobre aspectos tales como guión, gravación, son, edición e difusión da creación en Youtube.
- **“Decálogo para conseguir unha navegación en galego”**  
Creación audiovisual divulgativa a partir de gráficos animados, cunha voz en off e colaxe con vídeos participantes en edicións anteriores dos Premios Youtubeiras con dez trucos para navegar en galego ao 100%.
- **Listas de reprodución temáticas no Youtube de Youtubeiras**  
Nesta edición creáronse diferentes listas de reprodución de vídeos participantes nas seis edicións ordenados por temas: lingua, saúde e coidados, cociña, ciencia e música.

#### Artigos e novas

Ao longo desta sexta edición, fóronse enriquecendo os contidos da web con novas e crónicas sobre o desenvolvemento do certame tamén con artigos e reportaxes nos que se vai dando conta da evolución da comunidade youtubeira en galego:

- [Como a boa vibra das redes sociais \(ou dalgunhas\) pode mellorar o futuro do galego.](#)

- [Pódese vivir do youtube en galego? as creadoras do país responden.](#)
- [Do colectivo a youtube: proxectos que crean comunidade na rede.](#)
- [O youtube en galego é diverso! Un percorrido polo contido lgbtqi+ da man do Rabelo, Nee e Un rapá tranquilo.](#)
- [Cámara en man! Sobrevoando a brecha dixital.](#)

Tamén se actualizou coas novidades dos Premios Youtubeira, e as crónicas das actividades formativas e un palmarés cos premiados.

**Certame:**

**Inscrición do** 27 de setembro de 2022 ao 15 de novembro de 2022

Participaron 75 canles (de 71 participantes diferentes), o que representa un incremento do 77,27 % con respecto á edición de 2021, na que se chegou a 44 (ano en que o modelo de inscrición se restrinxiu a canles e se eliminou a posibilidade de participar con vídeos soltos).

As media de idade das persoas participantes é de 31,97 anos (entre os 62 e os 14 anos).

A gala de entrega dos premios foi o 28 de xaneiro.

Programa	<b>Galegoempresas</b>
Sector	Empresas Poboación xeral
Difusión	<a href="http://galegoempresas.santiagodecompostela.gal">http://galegoempresas.santiagodecompostela.gal</a> <a href="https://www.youtube.com/@videoconsellos">https://www.youtube.com/@videoconsellos</a>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facilitar que o público coñeza e poida acceder á oferta empresarial en galego.</li> <li>• Recompensar o esforzo das empresas que usan a nosa lingua cunha maior difusión para contribuír a darlle maior rendemento e utilidade.</li> <li>• Contar con datos sobre o uso da lingua no sector.</li> </ul>
Descrición	<p>Galegoempresas é unha plataforma que pretende facer máis visible a oferta en galego do sector empresarial compostelán.</p> <p>Para incorporarse á web, as empresas cobren un formulario de autodiagnose. Unha vez validados os datos, deben completar a información coa que se presentaren publicamente (logo, datos de contacto, descrición, imaxes, web, redes sociais). A partir dese momento, a súa ficha está dispoñible para o público cunha valoración da porcentaxe de uso do galego que ofrecen, desagregada por ámbitos.</p> <p>As persoas usuarias poden realizar buscas por localización xeográfica e por sector, ou atopar o establecemento directamente. Cando abran a ficha poden ver, ademais do detalle sobre os seus produtos ou servizos, a valoración resultado da diagnose sobre o uso da lingua.</p> <p>A web pon á man tamén algún recursos lingüísticos en liña e un pequeno argumentario a prol do uso do galego neste ámbito.</p>
Actividade 2022	<p>En 2022 divulgáronse os primeiros 20 vídeos dun proxecto de divulgación do comercio local, deseñado en colaboración co Departamento de Comercio cos seguintes obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Evidenciar que os valores asociados ao galego resultan útiles para crear vínculos entre o comercio local e a comunidade.</li> <li>• Contribuír á vitalidade do comercio local poñendo ao dispor do público información e coñecementos que resalten o seu valor diferencial (videoconsellos).</li> <li>• Impulsar dinámicas comunicativas útiles, atraentes e sostibles no comercio e facelo en galego.</li> <li>• Integrar #galegoempresas na marca #EuMercoAquí.</li> </ul> <p>Creouse a canle <a href="#">Videoconsellos #EuMercoAquí e #galegoempresas</a> e tamén se incorporaron accesos desde as páxinas de comercio e lingua, ademais de na plataforma #galegoempresas.</p> <p>O 27 de xuño organizouse un acto de presentación no Espazo Apego.</p> <p>Completouse a difusión nas redes sociais.</p> <p>Os vídeos producidos alcanzaron unha visibilidade destacable:</p>

COMERCIO	YouTube	Facebook impresi3ns	Facebook visualizaci3ns	Instagram reels	Instagram stories (aprox. 14.351 / 20)	Totais por comercio
Legumia	8.054	10.572	5.127	494	717	24.964
CORE SURFING	7.328	3.961	2.531	279	717	14.816
Xoiar3a Regueira	6.838	17.099	8.600	1.594	717	34.848
Gala Ecocrianza	6.558	15.127	4.761	3.037	717	30.200
A Grileira	6.263	3.381	1.952	136	717	12.449
O Xard3n dos So3os	6.176	7.252	3.929	975	717	19.049
Bltr Eye Optics	5.977	446	0	112	717	7.252
P3rez Antol3n Iluminaci3n	5.949	7.005	955	333	717	14.959
Portela Seijo	5.530	7	10	72	717	6.336
Ferraxar3a Cruz	5.425	22.983	8.888	341	717	38.354
Valente Moda	5.261	6.922	2.028	288	717	15.216
Kocoa Santiago	5.088	7.673	2.085	3.240	717	18.803
Florar3a Embora	4.845	9.618	1.600	339	717	17.119
Librar3a Couceiro	4.479	5.817	1.541	316	717	12.870
Bicicletas Oliveira	4.438	6.967	1.273	120	717	13.515
Moksin	3.205	5.726	1.674	701	717	12.023
A Cesta da Sa3de	3.143	11.509	2.500	197	717	18.066
Triscos	3.139	5	17	228	717	4.106
Vide, Vide!	3.106	7.538	4.435	548	717	16.344
Asthor Decoraci3n	2.790	10.647	2.261	162	717	16.577
<b>TOTAL</b>	<b>103.592</b>	<b>160.255</b>	<b>56.167</b>	<b>13.512</b>	<b>14.340</b>	<b>347.866</b>

Programa	<b>Premios Manuel Beiras</b>
Sector	Empresas
Difusión	<a href="http://www.premiosmanuelbeiras.gal">www.premiosmanuelbeiras.gal</a> <a href="https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2021/12/21/destacan-valor-do-galego-empresa-na-entrega-dos-premios-beiras/0003_202112S21C59910.htm">https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2021/12/21/destacan-valor-do-galego-empresa-na-entrega-dos-premios-beiras/0003_202112S21C59910.htm</a> <a href="https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3347867/empresas-vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-ganadoras-xxii-edicion-premio-manuel-beiras">https://www.galiciapress.es/texto-diario/mostrar/3347867/empresas-vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-ganadoras-xxii-edicion-premio-manuel-beiras</a> <a href="https://www.nosdiario.gal/articulo/social/vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-levan-premios-manuel-beiras/20211220213909134414.html">https://www.nosdiario.gal/articulo/social/vidе-vidе-creativas-galegas-codigo-cero-levan-premios-manuel-beiras/20211220213909134414.html</a>
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Chamar a atención sobre as empresas que empregan o galego como parte do seu servizo e engadir valor a esta aposta fronte ao público potencial.</li> <li>• Achegar ao sector empresarial unha mensaxe positiva sobre o rendemento de utilizar o galego na súa comunicación.</li> </ul>
Descrición	<p>O Premio Manuel Beiras ten un carácter simbólico coa finalidade de recoñecer e sumar difusión ás empresas que empregan o galego. Foi creado e mantense de xeito continuado desde o ano 2000 por acordo entre o Concello de Santiago e a Cámara de Comercio.</p> <p>Para invitar a que os propios negocios ou calquera outra persoa formule propostas de candidaturas, dar a coñecer as bases e transmitir os obxectivos do premio organízase unha campaña informativa cunha duración aproximada dun mes (novembro-décembro).</p> <p>O xurado, formado polas empresa premiadas o ano anterior, a SXPL da Xunta de Galicia, a USC, o Colexio de Xornalistas, unha asociación de consumidores e outra en defensa da lingua, ademais do Concello e a Cámara, escolle as empresas que se galardoa cada ano.</p> <p>Os premios entréganse nun acto público no que interveñen as dúas entidades organizadoras.</p>
Actividade 2022	<p><b>Campaña:</b>  Como vén ocorrendo os últimos anos, a campaña para lembrar a convocatoria dos premios e animar a participación, centrouse na transmisión dos obxectivos do premio. O lema foi “Prende o galego. Brilla con luz propia”. Tendo en conta a crise enerxética e as dificultades e esixencias que provoca, buscouse chamar a atención sobre un recurso que os negocios teñen á man para poñerse en valor e conectar co público compostelán: o uso da nosa lingua, un elemento diferencial nun mercado cada vez máis global que establece vínculos coa comunidade</p> <p><b>Candidaturas:</b>  O xurado avaliou 47 candidaturas.</p> <p><b><u>Empresa premiadas:</u></b></p>



Abeluria, nova incorporación ao galego  
Kómic, uso continuado  
Orixe, innovación no uso dalingua

**Evento de entrega de premios:**

Celebrouse no Teatro Principal o 19 de decembro conducida por Os da Ría.

---